

O IRVARDIRO

PERIODICO GALEGO

ORGANO DA IRMANDADE GALEGUISTA DO URUGUAY

Año I

Dirección y Administración:
PIEDRAS, 411

Montevideo, Febreiro de 1935

Núm. 3

A GALIZA

De ti lonxe, querido corruncho,
eu morrédome estou d'amargura
como a froita que vai xa madura,
e entre silvas o vento guindou.—
Teño envidia da libre anduriña,
qu'ahí cheg' por todol'os Mayos.
Teño envidia das nubes e rayos,
qu'o Sudeste « esas terras levoul'.

A ti voa entre ardentes salayos
sobre as trémolas alas do vento,
a soidade do meu pensamento,
que de cote crava o está en ti.
Por diversos países que eu vaya,
ti serás miña doce memoria...
Mesmo entrar non quixera na gloria
sin primeiro pasar por ahí!!!
P. Anón.

EDUARDO PONDAL

Centenario do seu nacemento

O día 6 do mes corrente cumprese o primeiro centenario do nacemento do máis outo cantor das liberdades da patria galega.

Naceu Eduardo Pondal en Ponteceso Cruña, e a súa infancia abraouse o resplandecer da fogueira liberal que, no ano 1846 alcenderon en Galiza os mártires que acaudillou o desafortunado Solís. Os once anos de Pondal presenciaron, aterrados, o crime que se cometeu o fronte da eirexa de San Estebo de Paleo, no que cón, pra non se ergueren endexamáis os idealistas que quixeron "que a espada de Galiza fixera incriminar unha soia vez a balanza en que se pesan os destinos d'España.

Toda a súa vida o poeta conservara aquela lembranza traxica que, poucos anos dempois fanno enrolar se nas fias dos vencidos, pra ser un soldado máis da peña ilustre que non perdoa en calada resignación o dobre asesinato da liberdade e da xusticia. Por iso marcha nas letras galegas a cabeza dos desconformes, dos visionarios, levando a emoción cívica que se abreita con inquedanza dentro de si o campo do arte e da cidadanía, xa que él foi o primeiro do seu agrupamento xuvenil que acertou a entender que a verdadeira misión do poeta, a máis outa e trascendental misión, e a de ser paladín da liberdade.

* * * * *

Pondal sabe que non abonda un idioma pra formación d'unha poesía nacional, e chega a interpretar e recoller, racialmente, dentro d'un molde espiritual propio as inquedanzas e ambicións do vivir galego e a especial psicoloxía dos seus cidadáns. Sabe tamen que pra chegar o logro d'unha literatura nacional e imprescindible a ordenación de sufrimentos, ambicións, presente, pasado e porvir, e envolve todo isto nunha inspiración rexeneradora que se fortalece, denantes que nada, no culto da tradición e no sentimento da nazonalidade. Por iso rompe a cantar con unha voz consciente que xa trae e consigna de levantar a patria da postración en que se alcontra sumida.

* * * * *

Precede no tempo a un aterrador silencio de séculos que tiña desfigurado o carácter e a psicoloxía da noxa-raza, e que propiciou o desvanecimento colectivo da conciencia nazonal; da unidade moral e da perda de todo sentimento de gloria e tradición.

“O rigor do castigo, imposto a NOSA TERA pol-os Reises Católicos tiña enmudecido a voz dos nosos líricos, imponéndolles un idioma estraño, imperfecto, feito prás necesidades da guerra, e incapas de aprisioar nos seus balbuceos a esencia lírica, refinada e sutil dos nosos poetas romancescos. E o idioma galego vai a refuxiarse nas montañas patrias, no medio da xente ruda e traballadora, namentras agoniza nas



cibdades envolto na máis nozenta corrupción.

Quebran este enmudecemento de séculos, unha lexión de poetas cativados, do século XIX, que ignoran o vaticinio; e onde hai sono e xérmen pruxante, quizaís preguizoso, alcontran estes poetas desolación e morte.

Anosa lírica está nun eterno choro, e cada galego o través d'aqueles versos é un Xeremías desagarimado. De darlles creto os devanditos poetas, Galiza é un longo "Muro dos lamentos" e carez de varons, posto que todos choran como mulleres.

De un pobo irresiñado, forte, de protesta sorda e calada, fixeron un pobo de aborrecidos e de almas mortas.

Tivo que vir Pondal, austero e vidente, pra tirar de riba de nós a inominosa pélica de carneiro con que nos vestiran.—Galiza—dixo—non está morta: é a única forza viva d'Iberia, e d'ela ten que vir a ourentación pros outos destinos que a inda lle están reservados a raza. Pois eisi como é verdade que os galegos levan na fronte a estrela vespertina, tamen é certo que han de ser os galegos os verdadeiros guieiros do pobo peninsuar.

Deu sobor das nosas posibilidades o seu manotazo, rudo e forte, caricia e pancada o mesmo tempo, e espargue a todol-os ventos o seu mensaxe, envolto no imperio da súa voz anterga.

“Os tempos son chegados
dos bardos das edades,
e as vosas vaguedades
comprido fin terán”.

Por iso e a súa unha soledade mañífica. E a esperanza erguida no medio do pesimismo. E como él ben dixo, un pino alexado do vento. Parés arroxado do mar!...

* * * * *

Escoitando o esgrevio poeta nas súas profecías, augurios e interpretacións, parés como si da terra ferida, saíra a voz dos antergos bardos céltigos vertendo a ceibe caricia do vento as outas verbas de fé e esperanza que van a cravarase, como aguilhões feroces nos peitos nobres e esforzados. A raza galega pasa po-las páxinas ademirables de “Queixumes dos Pinos” manténdose aínda a mesma raza forte, guerrreira, cuia agresividade e filla do seu ascendido patriotismo. E a raza que, agás da escravitude aítual, sabe gardar con calor d'abondo os outos ideaes de redenzón, e fai d'eles o seu ideal de vida e a súa aspiración suprema.

Contra a inxusticia, a opresión e a fatalismo berra Pondal cando di:

"Cando os duros machados,
firen os altos pinos;
e caen con estrondo
no chan de Bergantiños;
non caen, non, en vano,
cal xigantes erguidos,
sin gloria e sin renome
nos seus eidos bravios;
mais ó caer, ceibando
os ulidores pinos,
s'espallan na debesa,
po-lo manto nativo;
e da semente s'erguen,
descendentes altivos.

Así cando caéran
aqueles destemidos;
de nobres ideais
os bóos peitos enchidos,
non caerán en vano

en oprobioso olvido;
coma o vulgo dos homes
n'escuridade estintos.
Mais o chan empapando
do sangue esclarecido,
os campos de Suevia
dos Celtas, nobre asilo;
non cederán a morte,
e deixarán altivos,
perdurable semente
de vingadores fillos.

Déspolas insensatos,
forxá, forxade grillos;
pode oprimir o ferro
un corpo enfracuecido;
mais as nobres ideas
e gloriosos instintos...
Eses... non pode, non o duro ferro
nin a morte, extinguilos!...

* * * * *

Vese flotar na produción literaria de Eduardo Pondal un optimismo propulsor e contaxioso, que fai que os seus poemas abran fondos regos na memoria. "Queixumes dos Pinos" é un tema digno e alto, e a sua expresión e buscada tras longos anos de traballo paciente, reflexivo. Foron mester moitas veladas o poeta pra martirizar un idioma, de seu meloso, hastra lograr darlle elasticidade épica, e unha grande capacidade de expresión, descoñecida nas letras galegas. Molde de esencia é o seu idioma, onde as palabras abren anchos camiños que levan directamente o corazón da raza. Por iso a literatura de Pondal é a única de toda a nosa produción renacentista que non cheira a trasplante. N'el está lonxe a influencia das outras literaturas peninsulares. Canta con voz netamente personal.

Pondal sinala un camiño pro porvir e marca a roita co-a suprema beleza dos seus poemas. Percura a tradición na sua esencia mesma e estrai d'ela o segredo dos tempos vindeiros. Polo mesmo que, en todos os homes galegos que canta, hai un héroe en potencia. Xa que non con outra materia se forxan os homes que el cantou: navegantes, vagabundos, poetas, guerreiros, traballadores do agro... Ninguén chora nos seus versos, porque non hai bágoas en terra de héroes, e porque os homes forxados n'aquel aceiro, morren no fragor do combate, no fondo do mar, nas veiras dos camiños, sempre supitamente, cando a morte parés mais lonxana e non da tempo mais que a iso: a morrer.

Un día tristeiro e longo, deixou de ouvirse pra sempre, a voz poderosa de Eduardo Pondal. O poeta caiu como caen os pinos co estrondo dos xigantes e co-a canzón nas ponlas. O parnaso Galego abriu as suas portas. O loito pousou o seu manto en Galiza, e Ramón Cabanillo escribiu un soneto:

* * * * *

"Dóu o queixume derradeiro, o inxente
bardo d'outras edás, forte e barudo;
cantor d'un pobo lexendario e rudo
asoballado d'extranxeira xente.

Dos guerreiros de Suevia posto o fronte,
aos pés a lanza e o batido escudo,
agarda o Breogan doido e mudo,
entr-os pinos da costa verdecente.

Mentras... Da praia ao castro solitario
vai do vento costeiro no bruido
com'un puñal, iste firente berro:

Morréu Pondal, o vello lexionario;
caeu en terra o pino mais brandido,
crebouse a lira celta, de ouro e ferro!"...

Tupí = Nambá

de prestixios mundiales

F. SAN ROMAN E HIJOS

18 DE JULIO, 976

JUNCAL, 1311

O Tratado Comercial co Uruguai

O tratado comercial que fai pouco foi firmado pol-os representantes do Goberno Uruguaio e do Español, colleunos de sorpresa aos galegos, porque non maxinábamos aínda que fora unha cousa factibeltan axiña.

O noso conceito que tiñamos encol d'el é o mesmo que sostemos dende fai moito tempo; mais é mester qu'os galegos radicados no Uruguai, deixemos craramente patentizado o que nos entendemos do perxuício e beneficio que lle causa a Galiza.

En nada ten culpa o Goberno nin o Pobo do Uruguai; tampouco o Pobo Galego.

O fenómeno suscitado pol-as relacións comerciais de ambos países, é tamen unha consecuencia directa do réximen centralista.

A balanza comercial entre Hespaña e o Uruguai, foi sempre favorable a aquela. Pero o que convén patentizar precisamente é cal parte de Hespaña sale favorecida.

Dende logo, que a perxidicada era Galiza, pol-a parte do gando si se aprobaba o Tratado e pol-a parte da industria pesqueira si non se aprobaba.

Nos entendemos que en Hespaña fai falla moita carne, este é un problema vital da nosa economía. O traballador hespañol paga diariamente por este indispensable artigo, un precio exorbitante; mais eso non quere decir qu'o gando se venda mais caro. Todo contrario a carne sube no precio e o gando baixa. Veleiqui en poucas verbas sintetizado a culpa do Goberno central, pois este non reparou en favorecer a determinadas rexións e perxudicar a Galiza.

Para solucionar este asunto non era menester ferir a susceptibilidade do Pobo Uruguaio nin tampouco emprobecer mais o Pobo Galego.

Si o tratado lle conven as rexións exportadoras, o Goberno Central debe gravital-a produción favorecida con impostos que fosen destinados a solventar as necesidades do labrego galego.

Rebaixarlle as contribucións aos nosos campesinos e darlle facilidades pra que a cria do gando non lle fora tan costosa. Créditos Agrícolas, que en Galiza practicamente non eisen. Prohibil-a venta do gando aos chalan intermediarios, que eles con menos traballo ganan mais que os mesmos criadores.

Non é estraño esto, porque a carne de vaca en pe, cóstalle o campesino pra criarla catro pesetas o kilo. Quere decir que cando se vende un becerro, contando detalladamente todo que se gasta pra criarlo, debíase vender nais

que a razón de catro pesetas o kilo, pra deste xeito ter unha ganancia efectiva.

Todo contrareo, o labrego vende a carne en pe a razón de unha peseta e media. Logo na carnicería impórtalle o consumidor de tres a cinco pesetas.

Quere decir que sale perxudicado o criador e o consumidor, pol-o mesmo que este trascental problema tan discutido pol-os políticos, non lle alcontrarán solución eficaz, namentras en Galiza non se formen as cooperativas agrarias baixo un réximen autonomista; e que sexa o propeo labrego sin intermediarios o que disfróite do seu traballo.

COUSAS

Romualdo era un home "fino". Pol-as suas manciaras xeitosas conquireu creto de home ben ensinado, anque as suas cortesias co chapeu na man non tiñan certamente o cuño da fidalguía enxebre. A Romualdo, tan mixiriqueiro, tan fricoleiro, non lle acaía un oficio de traballo, e dispois de chorarse moito logrou meter cabeza no xuzgado municipal, onde viveu esborrachando papel, deic'o día do seu pasamento. Romualdo ademais de escribente era un gran catador de viño, calidade que lle deixara o seu pai en herdo.

No beber era como no escribir: moitis grolíños de viño enviados de xeito melindroso, letríña miuda con rabiños enribirichados. Tan "fino" no xuzgado coma na taberna, Romualdo emborrachábase moitas veces; pero endexamais esgallou as pernas. Canto máis viño levase abordo máis cortesías facía.

Unha vez Romualdo pasou a moite toda de parranda e no intre de chegar a sua casa topouse c'uns amigos. Era domingo.

—Anda, Romualdo, vente conosco, que imos xantar unha empánada.

—Ben; pero agardai un anaquiño que vcu decirlllo á miña muller.

E Romualdo entrou deseguida na sua casa. Os amigos sentiron un gran estrondo e dispois unhas verbas adocidas. ¡Lacazán! ¡Borrachón! ¡Pélexo! A muller de Romualdo mallaba no home coma quen malla n'un fol bello. ¡Plin! ¡Plin! ¡Plin!

Romualdo apareceu amañando a roupa, e con cara de ledicia finxi-da díxole os seus amigos:

—Imonos xa, que non está ninguén na casa.

Casté'ao.

A "IRMANDADE GALEGUIS-TA" non vende libros pra faguer negocio, vendeos pra espallar e dar a coñecer a cultura de Galiza.

Festival Galego

Orgaizado pol-a IRMANDADE realizouse o 22 de Nadal unha grande festa, en homaxe o inmorrante Pardo de Cela, no Salon-Teatro do Centro Galego.

Diante d'unha seleita e numerosa concurrencia, abria o aito o Segretario Xeral, irman Leiras Méndez, explicando en poucas e certas verbas o principal rol de nosa entidade e a importancia de data que se celebraba, cuio discurso se transcribe máis abaixo. A continuación o barítono galego, señor Eiroa, cantou o noso hino, con voz forte e doce, que mesmo daba ledicia ouvílo, o que foi escoitado con un recollimento relixioso. Acompañouno, co piano o mestre Aparicio.

No transcurso da velada o barítono compatriota cantou varias cancións galegas, nas que ademostrou as súas grandes condicións de cantante e de intérprete. Eiroa non é unha promesa, é xa unha realidade.

Dispois o cuadro de declamación, que dirixiu con moito acerto o irmán Camilo Bóveda Amor, pozo en escea a festexeira comedia "O Zaqueiro de Vilaboa", a que foi interpretada moi axustadamente e na que outuveron destacado lucimento a señorita Tita Gómez, que encarnou con gusto e capacidade o papel de Maripepa, i-o irmán Bóveda que fixo un Tío Mingos impecable. As demais figuras tamen tiveron moi boa actuación. Ouvo aplausos pra todos.

Na segunda parte presentaron as cancións esceificadas "Cazón do Berce" e "Canto do Arriero" nas que volveron a lucirse Tita Gómez, Olguita Castro e Bóveda.

Foi esta unha festa, manifestación de galeguismo enxebre, da que a concurrencia garda unha lembranza moi grata.

Señoras e señores:

Dende logo, non vou a pronunciar unha conferencia; ¿con qué títulos eu conto pra elo? Pero o asunto é que a IRMANDADE GALEGUISTA ordenoume que diga catro verbas n'este aito, en galego, e aínda que convencido da cativeza da miña capacidade para facé-lo, e sobre todo, para facé-lo co-a elocuencia dina de tan seleito auditorio, non tuven máis remedio que aceitar o mandato posto que a disciplina, que é o eixo da nosa organización, eisi o impoñen.

Sexan pois, as primeiras palabras miñas de agradecimiento polo estímulo da vosa presenza n'esta festa, como resposta xentil o chamado da IRMANDADE. Os que por descoñecer o noso idioma non me poidan interpretar ben, prégoles que me sepan disculpar, posto que a persoalidade d'un pobo afínase no idioma, eu teño a obriga de falar na nosa língoa, a obriga e a satisfacción. Os pobos que non teñen idioma propio non se poden gabar de ter cultura propia. Nós, os galeguistas, non debemos falar de cultura galega expresándonos en castelán, sería como destruír a prédica co exemplo.

En primeiro lugar voume a ocupar algo da nosa entidade, da IRMANDADE GALEGUISTA DO URUGUAY. Nos derradeiros tem-

pos, rodan en todas direccións, (é hastra sin direccións) un exército de interrogacións, respecto d'esta nova entidade. ¿Por qué fundamos unha IRMANDADE? preguntan... ¿Qué fins desexamos abranguer? ¿Si somos hespañoles ou nazonolistas galegos? Todas estas interrogacións, e outras máis, pasan acarón noso de cotío, e decatámonos que hastra hai certa inquietudanza, que non sabemos si é curiosidade, xenreira ou ignorancia. A todo isto, a resposta é moi fácil: nós non somos sementes galegos por ser nados en Galiza, somos galegos porque levamos en cravado no máis fondo da nosa alma, un sentimento inmenso e un amor sinxelo por aquela meiga Terra. Somos galegos porque temos a ollada posta nas actividades políticas i-económicas d'Hespaña, e sabemos dabondo como se asoballa e maltrata o pobo galego. Somos galegos porque nos comoven a falla de leies e de xusticia que sofren os nosos irmáns; e somos hespañoles, porque temos a certeza de que o pobo d'Hespaña, é noble e fidalgo; logo pois, a nosa malquerencia é contra dos gobernos, non contra do pobo a quen queremos co-a fraternidade de irmáns. Máis, tamen, é verdade, que deixaríamos perder ese sentimento hespañolista, si chegásemos a

conquerir o convencimento de que o pobo hespañol, ese pobo rexo e baril, de cuia xenerosidade e fineza hai tantos exemplos, pensaba e procedía c-os galegos como pensan e proceden ese fato de malandríns, que desgobernán a Galiza dende Madrí, desde os tempos dos reises católicos, hastra os tempos que corren; xa que pros intréses galegos todos fofon é son o mesmo. O mesmo reises, dictadores que presidentes; liberales, esquerdas, ou dereitas, todos foron e son o mesmo. Os labregos e os mariñans afoğan as súas coitas e os seus doores no embravecido mar da vida, loitando sempre, día e noite; pensando nos foros, nos trabucos, nos consumos, nos réditos; e namentras se desacougan, se desesperan, perden o sono, e pasan fama, pra poder pagar a quen tan mal os trata, e pra ceibarse dos embargos que ameazan os seus cativos bens, namentras ese pobo traballador e abnegado mantén esa loita titánica, heroica, o goberno, sempre fero e sempre duro, mándalle cada vegada novas imposicións, novas cargas, novas privacións...

¿Benzoado pobo galego, mesmo parés que viñeche o mundo co-a consigna de sufrir a vida enteira!

Diante pois, d'este panorama trágico que nos ofrece a vida en Galiza, d'este cuadro de door en que se atopan envoltos os nosos irmáns, foi que xurdiu a idea de fundar unha entidade, co-a dobre finalidade de apoiar o partido político galego, que millor defenda os intréses rexionales, e o mesmo tempo espallar o mais posible os vaores culturais de Galiza. Sabemos que no aspecto político pouco podemos facer dende tan lonxe, pero percuraremos prestarlle a maior axuda posible, os que en Galiza, loitan, para conquistar as liberdades cidadáns.

A IRMANDADE ten, no aspecto cultural, unha magnífica labouira que desenrolar, para levar a coñecemento de propios e alleos a riqueza da cultura galaica, dos seus vaores raciaes e da súa produción literaria e artística que é moi copiosa e meritoria. Esta parte do noso programa d'aición non pode ser descuidado, pol-os que alcimiñamos a idea, de que lle chegará tamen un día o pobo galego a redenzon a que ten dereito, e pensamos que por este camiño se

GALEGOS DE BOS AIRES!

O

REX HOTEL

Está situado na mesma Rambla de Pocitos, en donde se come mellor pagando menos

RAMBLA WILSON, 1081

U. T. E. 41-41-71

pode contribuir grandemente o triunfo definitivo dos nosos ideais.

Xa forxada a idea de fundar unha entidade d'este xeito e con tal obxecto acordouse chamarlle IRMANDADE. Porque foron Irmandinos os xestores da revolución popular galega do século XV, que foi a epopeya máis grande e gloriosa que rexistrán os anales de todos os reinos, que compuñan a antiga Iberia. Aquela loita gloriosa que tanto nos dignifica, foi contra os señores feudales que explotaban a Galiza e escravizaban os galegos. Hoxe a loita ten que ser dirixida en contra dos caciques que viven gasalleiramente na capital d'Hespaña, a conta do sudor de noso pobo. Como deixamos dito transcuriron moitos anos e cambiáronse moitos homes, pero o que non se pudo cambiar aínda son os males que nos atormentan.

A IRMANDADE, conmemora n'esta data, a gloriosa morte do Mariscal, Pedro Pardo de Cela, esa figura luminosa, que dende o fondo da nosa hestoria, e como un faro xigante que alumea os camiños dos tempos que corren. Home valente e abnegado, que deu a súa vida, en holocausto a liberdade dos seus compatriotas.

Duas acusacións criminaes sentenciaron a súa morte: A primeira era pol-os chamados bés-da Mitra, reclamados pol-o bispo de Mondoñedo, e a segunda era por erguer a súa bandeira en favor da filla de Enrique III, para ocupar o trono de Galiza, por ter falecido o seu pai.

A primeira acusación non se lle pode nomear como crime, posto que disfrutaba os ditos bés, pol-a donación pública que, a favor da súa muller, lle fixera un prelado parente d'ela, da familia dos Castros, a que facía máis de cen anos que tiña esas facendas en propiedade. E o segundo moito menos xa que morto Enrique III, rei de Galiza, a verdadeira herdeira do trono, non podía ser a irmán do rei,

GALLEGOS: CONCURRID AL
GRAN SALON "PORVENIR"
REVISTAS Y CIGARRILLOS

RECONQUISTA N.º 1500

U. T. E. 43-2-81

DICK'S BAR

O "AS" DA ADUANA

Que vende a mellor caña

25 DE AGOSTO, 226

U. T. E. 85-4-10

como o pretendían os rivales do Mariscal, si non a filla do rei.

Este home, con un senso craro da verdade, e da xusticia puxose de fronte a dous inimigos imponentes: o clero, encarnado na siniestra figura do bispo don Fadrique de Guzmán, e dos reis católicos de Castela, sedentos de predomínios. Loitou rexamente contra d'eles mais de 3 anos, e moito mais lles daría que facer para vencelo, si non se confiase demais na súa recoñecida valentía, e non fuse traicionado, o mesmo tempo, pol-os seus vasallos que se venderon o Capitán Mudarra. De maneira que Pardo de Cela non foi vencido pol-a forza que podía ser unha dericta noble, si non capturado a traición que é a arma dos tiranos, e dos cobardes.

Hai quen pretende restarlle importancia a este feito, que a hestoria rexistra, con laconismo de detalles. Lástima grande porque estas conxecturas son aproveitadas i esprotadas pol-os dctradores interesados en que a luz non se faga esplendente. Pero o que se visluma con caracteres endebles, é ese selo de galeguidade, de imperativa emoción galega que o Mariscal lle imprimía a todol-os aitos da súa vida; porque tiña un outo concepto da soberanía da súa patria e non quería permitir que a Terra Galega fose gobernada por alleos, entendendo que Galiza bastábase e se sobrábase para si soia. Pero pra desdita de Galiza 17 de Decembro de 1483, na praza de Mondoñedo, foron mortos en garrote o Mariscal e o seu fillo.

Hoxe, e toda a vida, temos que perxurar esta venganza contra o mais grande patriota d'aqueles tempos, e contra o seu inocente fillo, rapaz de 22 anos, que caíu morto a carón do seu pai co-a santa resignación dos héroes.

Publicacións recibidas

"Opinión Galeguista", "A Fouce", "Heraldo Gallego", de Bós Aires; "El Emigrado", da Estrada; "Alento", de Santiago; "Boletín dela Academia Gallega", da Cruña; "Ecos de Galicia" e "Heraldo de Galicia", da Habana.

Os que están na nosa segredaría a disposición dos nosos asociados.

¡Seamos galegos!

Hai que axudar a Galiza, a nosa querida terra tan asoballada por gobernos da fora e de adentro. Pol-os mesmos que berran en datas eleutorales pra chegar a conquistar un banco no Congreso.

Pol-os que se chaman galegos e non saben defender es prestixios de Galicia. Pol-os vellos políticos sin sentido human, que atropellan os mais elementales principios da liberdade dos pobos. Pol-os falsos patrectas que venden si e caso a súa muller, baste que a troque lle den bo diñeiro. Pol-os que sin saber o que e Galiza falan de galeguismo.

Contra os que antes foron calquera cousa e cxe chamanse galegos. Combatindo todo pernicioso e loitando por todo que sexa melloras pra Galiza e como debemos facer galeguismo.

¡Galegos non debe haber mais que uns!

O Porto do Freixo

Dos 119 (cento dazanove) portos de mar que se alcontran casi totalmente esquencidos pol-o Goberno, somente dous tiveron a sorte (porque o recibir algo do Goberno é unha sorte) de ser tomados en conta.

O porto de Malpica e o porto do Freixo; mais este último si as noticias que nos chegaron non son trabucadas, a verdadeira situación deste pequeno porto de mar é algo tristeira pol-a súa hestoria. Si temos en conta que xa en certa ocasión a dictadura votou unha cantidade de pesetas pra seu arreglo, e que si a memorea non mente as tres cartas partes coméronas o alcalde de Outes... outros e etc., etc.

Agora non sabemos quen come; mais o certo é que aos obreiros que traballan na súa construción, páganlle por día a razón de tres pesetas... e o que virá atras cando empecen a cargar impostos... por facelo muelle, iso que alí según a xente hai un alcalde que acá en Montevideo, era comunista, chegou alá volveuse republicano e agora é lerrouista.

Si así vamos nin a Creba van a deixar.

Merque libros galegos e coñezará a Galiza culta, a Galiza que pensa.

OPORTO "DOM LUIZ"

VINO OPORTO LEGITIMO

Importadores: Valentín Martínez & Cía.

MISIONES N. 123

U. T. E. 8-20 66

ALMACEN E BAR "A LA PATRIA DE COLON"

de Ramón Iglesias

O galego que despacha a mellor caña en coppiñas

25 DE AGOSTO 549, Esq. ITUZAINGO

Moimento a Pondal

Por iniciativa da nosa IRMANDADE, quedou constituído un Comité, que integran todal-as entidades galegas do Uruguay, co fin de xuntar recursos pra contribuir o moimento que se lle erguerá en Ponteceso o máis grande paladín das liberdades galegas, don Eduardo Pondal.

É con verdadeira ledicia que damos conta de este acontecemento, en que a nosa coleiividade se perpara entusiastamente, pra tributar lle un homaxe o mais reboche dos cantores galegos que con tanto coraxe e xenio defendeu a causa xusta da nosa Terra.

Agardamos que a nosa coleiividade acadará con simpatía os aitos e xestions que organice o devandito Comité, pra que a súa labourea se vexa coimada co máis grande dos iesitos.

Libros de Pondal

A Xunta que governa a Academia Galega acordou dar a imprenta os orixinais pra edición do primeiro volume das obras de Eduardo Pondal, que se publicará co motivo do prouximo centenario do nacemento do esgreivo poeta.

N'ese volume, ademais das poesías comprendidas en "Queixumes dos pinos", irán tamén outras pouco coñecidas, pero de grande valor literario e dende logo moi dignas de seren espalladas. Tendo en conta que "Queixumes dos Pinos" fai tempo que se esgotou, a nova edición esperta moito intrés e será moi solicitada.

Libros Galegos a venda

NA IRMANDADE

R. Otero Pedrayo:
Os Señores da Terra ... \$ 0.85
O Estudante " 0.85
A Maorazga " 0.70
Arredor de si " 0.70
A Remeiría de Xelmirez . " 2.40

Castelao:
Os Dous de Sempre " 2.40
G. López Abente:
Vacsilveiro " 0.85
Aurelio Ribalta:
O Derradeiro Amore ... " 0.70

Xosé Lesta Meis:
Atelas de Ouro " 1.40

POESIA
M. Leiras Pulpeiro:
Obras completas " 1.05

Manoel Antonio:
De Catro a Catro " 0.50
Lois Amado Carballo:
O Galo " 1.00
G. López Abente:
Nemancos " 0.85
R. Blanco Torres:
Orballo da Media Noite " 0.70
Xesús San Luís Romero:
A volta do Bergantiñan " 0.20
Euxenio Montes:
Versos a Tres Cás o Neto " 1.05
R. Carballo Calero:
O Silenzo Axionllado .. " 1.05
Vieiros " 0.70
Augusto M. Casas:
O Vento Segrel " 0.85
Alvaro Cunqueiro:
Mar a o Norde " 0.85
M. Luís Acuña:
Firgoas " 1.05
Delgado Surriarán:
Bebedeira " 0.70

TEATRO

Vicente Risco:
O Bufon d'el Rei " 0.30
A. Villar Ponte:
Triptico teatral " 1.05
Os evanxeos da Risa absoluta " 1.70
María Roca " 0.40
Alvaro de las Casas:
A Morte de Lord Stauler " 0.40
Pancho de Rábade " 0.30
Tres Conversas " 0.35
Rafael Dieste:
A fiestra Valdeira " 0.85
R. Otero Pedrayo:
A Lagarada " 0.30
Armando Cotarelo:
Beiramar " 0.50
Mourenza " 0.30

DE VIAXE

Vicente Risco:
Miteleurpa " 2.00
Pelerinaxes " 1.70

VARIA

Castelao:
50 Homes por dez reas " 0.85
Cousas " 1.70
Ricardo Carballal:
De Min pra Vos " 0.35
Camilo Díaz:
Conto de Guerra " 0.70
Ken Keirades:
Contiños da Terra " 1.05
A. Cotarelo Valledor:
Cancioeiro da Agulla .. " 0.85
R. Otero Pedrayo:
Contos do Camiño e da Rúa " 0.75
R. Blanco Torres:
De Esto y de lo Otro .. " 1.40